

RESOLUCIÓN

ASUNTO: CONVOCATORIA MESA DE CONTRATACIÓN PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA OBRA DE REFORMA DO MERCADO MUNICIPAL

EXPEDIENTE: 2018/G003/000028

ANTECEDENTES:

Celebrada a Mesa de Contratación da obra de reforma do mercado municipal o pasado día 15 de xaneiro, para a apertura do sobre C, Oferta Económica, e emitido con data 17 de xaneiro o informe técnico solicitado pola Mesa, de conformidade coas facultades que me confire a lexislación vixente e ao abeiro do disposto no prego de cláusulas administrativas, **RESOLVO:**

PRIMEIRO: Convocar á Mesa de Contratación para o día 29 de xaneiro, luns, ás 10:30 horas, en sesión pública, aos efectos de dar conta do informe técnico de valoración da oferta presentada, solicitado pola Mesa de Contratación, e realizar proposta de adxudicación se procede.

SEGUNDO: Dar traslado da presente resolución aos membros da Mesa de Contratación, así como facela pública no Perfil do Contratante do Concello de Corcubión (<http://www.corcubion.gal/gl/concello/perfil-do-contratante>), e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que se celebre.

Documento asinado dixitalmente na data e polas persoas indicadas na marxe.

